

John Wallis

(Ashford, 1616-Oxford, 1703)



Matemático inglés que contribuíu de forma decisiva ao desenvolvemento do cálculo moderno. Foi un dos precursores do Cálculo infinitesimal (introduciu a utilización do símbolo ∞ para representar a noción de infinito). Entre 1643 e 1689 foi criptógrafo do Parlamento británico e posteriormente da corte real. Conseguiu que os sistemas baseados nunha clave variable fosen moito máis seguros, e incluso describiunos como indescifrables. En 1655, Wallis publicou un tratado sobre seccións cónicas, no que as define analiticamente. Este foi o primeiro libro en que estas curvas –as cónicas– foron definidas como curvas de segundo grao. Foi tamén un dos fundadores da Royal Society e profesor na Universidade de Oxford.